



Concello de Campo Lameiro

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO DE DATA CATORCE MAIO DO DOUS MIL DEZAOITO.

No Concello de Campo Lameiro o día catorce de maio do dous mil dezaeito, ás trece horas cuarenta minutos baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnen-se no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Concello Pleno convocada para este día.

Asistentes:

PRESIDENTE:

D. JULIO G. SAYÁNS BUGALLO

CONCELLEIROS/AS: Grupo Partido Popular:

D. CARLOS COSTA DOMÍNGUEZ

D. ALBERTO MAQUIEIRA FERNÁNDEZ

D^a M^a DE LAS NIEVES BOULLOSA FERRÍN

D^a SILVIA LAREDO QUINTEIRO

D. ANGEL GARCIA MAQUIEIRA

Grupo Partido Socialista Galicia – PSOE

D^a PAZ VIDAL FONTENLA

D. ADRÍAN VIDAL FONTENLA

1.- APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.

Preguntados os/as asistentes se teñen algunha observación que formular ó acta da sesión anterior, de data 11 de abril de 2018, non formulándose ningunha, queda aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

Visto O Plan Económico- financeiro suscrito pola alcaldía cuxa necesidade se orixina polo Execución del Presupuesto Municipal de 2017.

Resultando que o Plan proposto ven conforme ao establecido no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en relación co artigo 9.2 da Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e de conformidade co disposto no citado artigo, o Pleno a proposta da Comisión de Contas, adopta por UNANIMIDADE o seguinte ACORDO



Concello de Campo Lameiro

PRIMEIRO. Quedar enterado do resultado da evacuación do obxectivo de estabilidade orzamentaria efectuado por Secretaría- Intervención .

SEGUNDO. Aprobar o Plan Económico- financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

TERCEIRO. A efectos meramente informativos, publicar o Plan Económico- financeiro no Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra [(no seu caso) e no Taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web do Concello de Campo Lameiro

Así mesmo, unha copia do Plan estará a disposición do público dende a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia.

3.- APROBACION EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN CRÉDITOS 1/2018 CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERIA.

Vista a posible aplicación do superávit orzamentario no exercicio 2017 a *financiamento de investimentos financeiramente sustentables*, por Providencia de Alcaldía incoouse expediente para a concesión de crédito extraordinario.

Visto que se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se emitiu Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e emitiuse Informe de Intervención, polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía.

Á vista do informe- proposta de Secretaría e o Ditame da Comisión Informativa de catorce de maio do dous mil dezaoto, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Contas e Patrimonio, adopta por *[maioría](seis votos favorables dos membros do Partido Popular e dúas abstencións do Grupo do PSOE)* o seguinte.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2018 (expediente 244/2018), do Orzamento en vigor, na modalidade de Incorporación de remanente de crédito con cargo a superávit orzamentario liquidación orzamentos do 2017, cuxo detalle é o seguinte:



Concello de Campo Lameiro

1º. Financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable, pola cantidade de 57.406,00 €.

O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario segundo o establecido no apartado anterior será o seguinte:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
450	60904		ENSANCHE VIARIO REDONDE	25.502,21
			APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN MARCO 2018	09.189,94
			MELLORA SISTEMA DEPURACIÓN DE LAXE II	22.713,85
			TOTAL GASTOS	57.406,00

Os importes aplicados aos diferentes destinos en base ao Informe de Intervención son:

1º. Financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable, pola cantidade de 57.406,00 €.

O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario segundo o establecido no apartado anterior será o seguinte:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Núm.	Descrición	Euros
450	60904		ENSANCHE VIARIO REDONDE	25.502,21
			APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN MARCO 2018	09.189,94
			MELLORA SISTEMA DEPURACIÓN DE	22.713,85



Concello de Campo Lameiro

			LAXE II	
			TOTAL GASTOS	57.406,00

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- APROBACIÓN CONTA XERAL ANO 2017.

Vista a Conta Xeral do exercicio 2017, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto o informe de Intervención emitido sobre ela, e o Ditame desta Comisión emitido con data VINTESEIS DE XANEIRO DO DOUS MIL DEZAOITO.

Visto que a mesma expúxose ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións (BOP DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA Nº 31 DE DATA 13-02-2018 E TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO), E QUE DURANTE O PRAZO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO NON SE PRESENTARON RECLAMACIÓNS, REPAROS OU OBSERVACIÓNS Á MESMA, SEGUNDO CONSTA NA CERTIFICACIÓN DE SECRETARIA DE DATA 02-05-2018.--

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por MAIORÍA DOS MEMBROS PRESENTES, cos votos favorables dos Srs. Julio Sayáns Bugallo, Carlos Costa Domínguez, Alberto Maquieira Fernández, María Nieves Boullosa Ferrín, Silvia Laredo Quinteiro, Don Ángel García Maquieira (membros do Partido Popular), e coa abstención de Dona Paz Vidal Fontenla, Adrián Vidal Fontenla (membros do partido socialista de Galicia), o seguinte.:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017.

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5.- PROPOSTA SERVIZO AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

REVISION PREZOS



Concello de Campo Lameiro

LICITACIÓN DO SERVIZO

Visto o expediente para contratación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Campo Lameiro que se presenta, con proposta de modificación dos prezos a fixar para licitar o servizo, actualizando os mesmos, así como a proposta de Pregos de Cláusulas Administrativas a rexer na licitación do servizo.

Visto que, aos efectos de establecer unha baremación con varios criterios a aplicar, que sexa a mais acorde co tipo de servizo que se quere actualizar.

O Pleno do Concello, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Establecer como prezos da licitación os seguintes:

**** SAF DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA, HORARIOS/DIAS LABORABLES 12,50 euros, mais IVE.**

- a) As horas anuais estimadas de servizo polo servizo de **dependencia** serán, salvo novas altas que aumenten esta cantidade, de 5.350 horas.

O custo anual estimado do servizo será de 69.550,00 euros/ano, correspondendo 66.875 euros euros custo horas, mais 2.675 euros (4%) de IVE.

- b) As horas anuais estimadas de servizo polo acceso de **libre concorrencia** serán, como máximo, de 2.039 horas.

O custo máximo estimado do servizo SAF libre concorrencia será de 28.036,50 euros/ano, correspondendo 25.487,50 euros por prestación do servizo, mais 2.549 euros (10%) por IVE

**** SAF DEPENDENCIA SABADOS TARDES/DOMINGOS/FESTIVOS..** de 13.50 euros, mais 4% de IVE (0,54 euros), para as horas realizadas en sábado pola tarde (a partires das 15:00 horas), domingos e festivos.

O custo estimado por horas realizadas en sábados tarde (a partires das 15:00 horas), domingos e festivos será de 150 horas.

O custo máximo anual estimado deste servizo é de 2.106 euros, correspondendo 2.025 euros por horas servizo, máis 81,00 euros de IVE.

SEGUNDO.- Proponer un novo contido das proposicións para tomar parte na licitación do servizo, que deberá incluír tanto documentación cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor, como documentación consistente na proposición Económica e proposta de Servizos complementarios.

- A) Ponderación que dependa dun xuízo de valor, no que se evalúe a presentación dun Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo de acordo co prego de condicións técnicas, cunha puntuación de 35,00 puntos.

A determinación da forma de avaliación deste apartado deberase determinar polo departamento de Servizos Sociais.

- B) Respecto da proposición económica, se determina a seguinte baremación:

1º.- MELLORA DO PREZO DE LICITACIÓN, 45,00 puntos dos que:



Concello de Campo Lameiro

-MELLORA NO PREZO SAF DÍAS LABORAIS se valorará con 40,00 puntos

-MELLORA NO PREZO SAF SÁBADOS TARDE/DOMINGOS/FESTIVOS se valorará con 5,00 puntos

2º.- OFERTA DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS ANUAIS se valorará con **20,00** puntos, a determinar polo departamento de Servizos Sociais.

6.-. PROPOSTA CREACIÓN AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

Vista a proposta de creación da agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Campo Lameiro.

Presentase texto do Regulamento da Agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Campo Lameiro.

Visto o contido do Regulamento que se presenta con proposta de aprobación.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión de Asuntos do Concello, tanto á creación da Agrupación de Voluntarios, como ao texto do Regulamento que se presenta para aprobación.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos oito membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a creación da Agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Campo Lameiro, e constitución da xestora da Agrupación de voluntarios de protección civil, quedando nomeados como membros da mesma D. Alberto Maquieira Fernández, en representación do Partido Popular, e D. Adrián Vidal Fontenla, en representación do Partido Socialista de Galicia – PSOE.

SEGUNDO.- Aprobar o Regulamento da Agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Campo Lameiro

TERCEIRO.- Someter a información pública e audiencia dos/as interesados/as, o texto do Regulamento da Agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Campo Lameiro, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello de Campo Lameiro, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, se considerará aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno

CUARTO.- Unha vez aprobado definitivamente o Regulamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil, proceder á inscrición da Agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Campo Lameiro no rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En virtude das competencias atribuídas aos Concellos en materia de Protección Civil na Lai 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e aos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución Española, o exercicio das mesmas debe levarse a cabo, fundamentalmente, mediante actuacións dos Concellos e dos Alcaldes coa colaboración dun Concelleiro- Delegado de Protección Civil, coordinando os servizos



Concello de Campo Lameiro

municipais dedicados dunha forma cotiá ó cumprimento de misións que encadren nas de presenza e actuación en situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

O desenvolvemento do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupación de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, da Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil da Norma básica de Protección Civil mediante o Real Decreto 407/1992, do 24 de abril naquelo que non contradiga ou se opoña a Lei 17/2015, os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014, do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa de estas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias, e a Orde do 24 de febreiro de 2015 que o desenvolve, fan preciso a adecuación do actual Regulamento para a súa inscrición no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para articular as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa protección civil municipal, parece conveniente regulamentar a organización e funcionamento da agrupación de voluntarios de protección civil municipal, que se vinculará aos servizos básicos de intervención en emerxencias dependentes do concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que se poida establecer nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.

En virtude do exposto e previo acordo municipal, apróbanse os estatutos da Agrupación de Persoal Voluntario de Protección Civil do Concello de Campo Lameiro que se transcribe seguidamente.

CAPITULO I

FINALIDADE

Art. 1.- A protección civil municipal ten como fin establecer unha organización en base á estrutura e recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e os cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da proteccións das persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante actuacións que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos, e, no seu caso, contribuír a corraxir as causas produtoras das mesmas.

Art. 2.- A organización e funcionamento da Agrupación de Persoal Voluntario de Protección Civil, en adiante AVPC, como modalidade de incorporación dos cidadáns á actividade de protección civil, rexerase polo establecido no presente Regulamento, así como polas instrucións e directrices que, a efectos de coordinación e participación no desenvolvemento ou execucións dos plans, programas e actividades da organización municipal e se ditén polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia e demais administracións públicas de ámbito superior conforme ó establecido na normativa básica de Protección Civil.

Art. 3.- Poderán vincularse á AVPC as persoas físicas que con carácter altruísta se comprometan a



Concello de Campo Lameiro

colaborar directamente nas actividades dos servizos de protección civil dependentes deste concello.

Art. 4.- As AVPC deberán:

- Responder a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e no seu funcionamento.
- Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.
- Garantir ao persoal voluntario as debidas condicións de seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade, así como o establecido nas correspondentes medidas de prevención de riscos.
- Certificar a actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- Informar ao persoal voluntario dos fins e réxime de funcionamento da AVPC.
- Facilitar a participación do/a voluntario/a na celebración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñen.

CAPÍTULO II

DENOMINACIÓN E ORGANIZACIÓN

Art. 5.- A AVPC ten o seu domicilio social na Casa do Concello de Campo Lameiro, provincia de Pontevedra, CP36110, ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades.

Art. 6.- A agrupación poderá estruturarse e organizarse funcionalmente en equipos, grupos, seccións, e unidades de acordo ás necesidades existentes no concello ou comarca.

Art. 7.- Unha das canles para a colaboración voluntaria dos veciños na protección civil municipal levarase a cabo mediante a incorporación dos mesmos á AVPC a que se refire o presente regulamento.

Art. 8.- Poderán incorporarse á AVPC, como voluntarios operativos os veciños e veciñas maiores de idade, en virtude de solicitude do interesado, na que declarará nos estar inhabilitado para a función pública por sentenza firme e o compromiso de coñecer e aceptar o contido deste Regulamento, así como o disposto na normativa vixente sobre protección civil.

En ningún caso pode facerse discriminación por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Art. 9.- Todas as actuacións que realice a AVPC en materia de protección civil no ámbito local, serán sempre autorizadas e coordinadas, ou, se é o caso, dirixidas pola autoridade local correspondente.

Art. 10.- A AVPC contratará cun seguro de accidentes, así como de responsabilidade civil por danos a terceiros, que ampare aos seus membros fronte aos riscos a que están sometidos no exercicio das súas funcións.

Art. 11.- O Servizo Municipal de Protección Civil, caso de existir, será o servizo coordinador das accións da agrupación de voluntarios de protección civil nos plans e programas de protección civil municipais.

Art. 12.- Todos os compoñentes da agrupación no desenvolvemento das súas funcións vestiran coa uniformidade, e distintivos, establecidos de acordo co disposto na normativa vixente.

CAPITULO III



Concello de Campo Lameiro

PERSOAL VOLUNTARIO

Art. 13.- Poderán incorporarse á AVPC como voluntarios nos operativos todas as persoas maiores de 18 anos que cumpran os requisitos de acceso, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Art. 14.- Poderán formar parte da agrupación, como voluntarios de apoio, aquelas persoas que pola súa idade, menor de dezoito anos e maior de dezaseis anos, sempre que conste a autorización de quen exerza a patria potestade ou a tutela, e/ou pola aptitude psicofísica, soamente poidan efectuar determinadas labores de axuda e colaboración co voluntario operativo, fundamentalmente de apoio loxístico. Estes voluntarios de apoio quedarán excluídos do nivel operativo.

Art. 15.- As persoas con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou vocación relacionada con algunha das entidades deste servizo público e que, por determinadas circunstancias non poidan ser voluntarios operativos, poderán estar unidos á agrupación mediante a figura de colaborador en misións de orientación, asesoramento, asistencia técnica ou axuda económica.

A figura de colaborador pódese facer extensiva a aquelas entidades locais que desexen colaborar coa agrupación en calquera dos apartados mencionados anteriormente.

Art. 16.- A vinculación dos voluntarios co concello non ten carácter de relación laboral, administrativa, funcional ou mercantil, senón de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de accións humanitarias de solidariedade social e boa veciñanza.

Art. 17.- A condición de membro da AVPC faculta unicamente para realizar as actividades correspondentes á mesma, especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública e nos operativos organizados e coordinados pola agrupación. O persoal voluntario non poderán realizar actividades de carácter persoal amparándose na pertenza á agrupación.

Art. 18.- As funcións do persoal voluntario, entre outras, son as de promoción da prevención e autoprotección cidadá, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emerxencia Municipal “PEMU” e demais plans de protección civil do sistema autonómico, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPITULO IV

DEREITOS E DEBERES

Art. 19.- Son dereitos dos persoal voluntarios de protección civil no exercicio da súa labor de colaboración:

- Recibir a información, formación, orientación, apoio, e se é o caso, medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lle asignen.
- Dispoñer dunha acreditación identificadora da súa condición de voluntario/a de protección civil.
- Empregar a vestimenta homologada polo organismo competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia.
- Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade en función da natureza e características daquela.



Concello de Campo Lameiro

- Participar na elección dos membros da xunta directiva e poder ser elixible.
- Ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Non ser asignados á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade.
- Tomar parte en cantas actividades organice a agrupación en cumprimento dos seus fins e de acordo as súas capacidades.
- Disfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a agrupación poida obter.
- Facer suxestións aos membros da xunta directiva para mellor cumprimento dos fins da agrupación

Art. 20.- Son deberes do persoal voluntario no exercicio da súa labor de colaboración:

- Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario/a de protección civil, mantendo segredo análogo ó profesional.
- Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.
- Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de protección civil.
- Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de protección civil ou pola AVPC, así como nas que con carácter permanente se precisen para manter a calidade das prestacións.
- Empregar axeitadamente a vestimenta de protección civil cos seus distintivos.
- Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña a súa disposición a AVPC, ou, de selo caso, as autoridades de protección civil.
- No suposto de causar baixa na AVPC por calquera circunstancia, entregará a tarxeta de identidade e o uniforme ó/á responsable da AVPC, así como o material asignado á súa custodia.
- Cumprir os compromisos acordados coa AVPC, respectando o disposto nos seus estatutos.

Art. 21.- A formación do persoal voluntario, baseada nos coñecementos e habilidades relacionadas coas características propias deste servizo público, terá como finalidade facilitar a incorporación destas persoas en condicións de garantía e eficacia así como contribuír á selección dos/as aspirantes.

Art. 22.- A actividade formativa e de perfeccionamento do persoal voluntario, será a regulada pola Academia Galega de Seguridade sen menoscabo da impartida por outras institucións oficiais ou entidades homologadas.

CAPITULO V **ASEMBLEA XERAL**

Art. 23.- A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da agrupación e estará integrada por todos os/as voluntarios/as.



Concello de Campo Lameiro

Art. 24.- As reunións da asemblea xeral serán ordinarias e extraordinarias.

A ordinaria celebrarase unha vez ao ano, dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio.

As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente, cando a xunta directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito o menos unha décima parte dos/as voluntarios/as.

Art. 25.- As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea en primeira convocatoria deberá haber polo menos quince días, podendo así mesmo facerse constar, se procedera, a data e hora na que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida haber un prazo inferior a unha hora.

Art. 26.- As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas un terzo dos voluntarios con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Será necesaria unha maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- Nomeamento da xunta directiva e administradores
- Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- Modificación dos estatutos
- Disolución da agrupación

Art. 27.- Son facultades da asemblea xeral ordinaria:

- Aprobar, no seu caso, a xestión da xunta directiva
- Examinar e aprobar as contas anuais
- Aprobar ou rexeitar as propostas da xunta directiva en orde ás actividades da agrupación.
- Calquera outra que lle encomende por acordo maioritario da asemblea.

Art. 28.- Corresponde á asemblea xeral extraordinaria:

- Nomeamento dos membros da xunta directiva
- Modificación dos estatutos
- Disolución da agrupación
- Expulsión de voluntarios/as, a proposta da xunta directiva
- Constitución de federacións ou integracións nelas



Concello de Campo Lameiro

Art. 29.- No caso de elección dos membros da Xunta directiva formarase unha Xunta Electoral que será a que regule e presida o procedemento de elección e estará composta por cinco membros voluntarios da AVPC:

- O voluntario/a mais antigo que será o Presidente
- O voluntario/a mais recente
- O voluntario/a mais de maior idade
- O voluntario/a mais de menor idade
- Un voluntario elixido polos anteriores que será o secretario

CAPÍTULO VI

XUNTA DIRECTIVA

Art. 30.- A AVPC será xestionada e representada por unha xunta directiva formada por: un/a presidente/a, un/a secretario/a, un/a tesoureiro/a e catro vocais, no seu caso.

Todos os cargos que compoñen a xunta directiva, serán designados e revocados pola asemblea xeral extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos.

Art. 31.- Os membros da xunta directiva causarán baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito a esta, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato.

Art. 32.- Os membros da xunta directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Art. 33.- A xunta directiva reunirse tantas veces o determine o presidente, ou a iniciativa ou petición de polo menos un terzo dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados pola maioría dos votos. No caso de empate, o voto de calidade do presidente decidirá a cuestión.

Art. 34.- As facultades da xunta directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da agrupación, sempre que non requiran, segundo estes estatutos, autorización expresa da asemblea xeral.

Son facultades da xunta directiva:

- Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da agrupación, acordando realizar os oportunos contratos e actos
- Executar os acordos da asemblea xeral
- Formular e someter a aprobación da asemblea xeral os balances e as contas anuais
- Resolver sobre a admisión de novos asociados
- Nomear delegados para algunha determinada actividade da agrupación
- Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da asemblea xeral

Art. 35.- O/a presidente/a terá as seguintes funcións:

- Representar legalmente á agrupación ante toda clase de organismos públicos ou privados



Concello de Campo Lameiro

- Convocar, presidir e levantar as sesións que se celebren da asemblea xeral e da xunta directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra
- Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia
- Adoptar calquera medida urxente que, a boa marcha da agrupación, aconselle no desenvolvemento das súas actividades e resulte precisa ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á xunta directiva

Art. 36.- O/a secretario/a terá as seguintes funcións:

- A dirección dos traballos puramente administrativos da agrupación
- Expedición de certificacións
- Levar os libros da agrupación que sexan legalmente establecidos e o ficheiro de voluntarios
- Custodiar a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación da xunta directiva e demais acordos sociais que deban inscribirse nos rexistros correspondentes
- A presentación de contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan

Art. 37.- O/a tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á agrupación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o presidente.

Art. 38.- Os vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da xunta directiva, así como as que se xeren das delegacións ou comisións de traballo que a propia xunta lles encomende.

Art. 39.- As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da xunta directiva serán cubertas provisionalmente entre os citados membros ata a elección definitiva pola asemblea xeneral extraordinaria.

CAPITULO VII

RECOMPENSAS E SANCIÓN S

Art. 40.- As condutas dos compoñentes da AVPC serán obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenvolvemento deste regulamento. Distinguiranse como proceda as condutas meritorias e sancionaranse, de conformidade co establecido neste regulamento, as infraccións ao previsto no mesmo.

As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado.

Art. 41.- As accións meritorias que impliquen un nivel de dedicación superior ás actividades ordinarias do servizo (ou riscos para a vida e a integridade dos voluntarios), poderán ser recompensadas co recoñecemento público mediante o correspondente escrito da alcaldía ou a formulación pola mesma de proposta para a concesión da medalla ao mérito, as placas e diplomas de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, ou outras distincións que poidan conceder as distintas administracións públicas ou o concello para premiar actos desta natureza especial.

Art. 42.- As infraccións ao disposto neste regulamento sancionaranse previa tramitación do



Concello de Campo Lameiro

correspondente expediente, unha vez escoitada a persoa interesada, que poderá en todo momento facer as alegacións oportunas.

As faltas considéranse leves, graves e moi graves.

- I) Estimaranse como faltas leves e serán sancionadas con apercibimento ou suspensión de ata un mes, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:
 - O descoido na conservación e mantemento do equipo e material que tivera ao seu cargo non cumprimento das misións encomendadas
 - A desobediencia aos mandos cando isto supoña mal trato de palabra e obra e non afecte ao servizo que deba cumprirse
 - As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ao presente regulamento
- II) Consideraranse faltas graves e serán sancionadas coa suspensión dende un a seis meses, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:
 - Negarse ao cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa
 - A utilización, fóra dos actos propios do servizo do equipo, de material ou distintivos de protección civil
 - O deterioro ou perda, por negligencia, do equipo, material, bens ou documentos do servizo ao seu cargo e custodia
 - As omisións ou infraccións graves ao preceptuado neste regulamento.
 - A acumulación de tres faltas leves
- III) Serán causas de expulsión, como consecuencia da falta moi grave, as seguintes:
 - Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.
 - Observar mala conduta ou ser sancionado reiteradamente por faltas graves.
 - Ser condenado por calquera acto delituoso, a excepción das derivadas de accidentes de circulación non producido por inxestión alcohólica ou de calquera substancia psicotrópica.
 - Utilizar ou exhibir indebidamente o uniforme ou as identificacións do servizo.
 - A agresión de palabra ou obra a calquera membro da agrupación e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprir.
 - Negarse á cumprir as sancións de suspensión que lle foran impostas
- IV) Prescrición:
 - As faltas leves prescribirán ó mes.
 - AS faltas graves ó ano.
 - As faltas moi graves ós tres ano.
- V) Procedemento sancionador

Principios xerais

Non se poderán impoñer sancións por faltas graves e moi graves senón en virtude dun expediente disciplinario instruído ó efecto.

Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrución do



Concello de Campo Lameiro

expediente salvo o trámite de audiencia ó interesado.

CAPITULO VIII

RESCISIÓN DO VINCULO COA AGRUPACIÓN

Art. 43.- A relación de colaboración voluntaria coa agrupación rematará por:

- Petición da persoa interesada
- Falecemento
- Declaración de incapacidade
- Solicitude de baixa temporal ou definitiva
- Perda dalgunha das condicións esixidas para poder ser voluntario/a.
- Quedar incurso/a en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme

Art. 44.- Considerarase baixa temporal na AVPC a suspensión da actividade na mesma como consecuencia de sanción ou ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que sexan comunicados oportunamente e por ausencia por traslado de domicilio temporal .

Art. 45.- Serán causa de baixa definitiva na agrupación as seguintes:

- A petición da persoa interesada
- Incomparecencia do voluntario por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, á actividade ordinaria ou especial que lle corresponda
- Incumprimento dos servizos mínimos esixidos
- Como consecuencia da comisión de falta considerada como moi grave de acordo co recollido no artigo 42, do apartado III deste regulamento

Art. 46.- Acordada a baixa seralle notificada á persoa interesada, garantíndolle o dereito de audiencia, e unha vez sexa feita efectiva o/a voluntario/a procederá á inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniformidade, equipo e material que lle fora adxudicado pola agrupación.

Art. 47.- En todo caso expedirase, a petición da persoa interesada, un certificado no que consten os servizos prestados na AVPC e a causa pola que acordou a baixa.

CAPITULO IX

DISOLUCIÓN DA AVPC

Art. 48.- A AVPC disolverase voluntariamente cando así o acorden na asemblea xeral extraordinaria convocada ao efecto por unha maioría de 2/3 dos asociados.

Art. 49.- No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, quen, unha vez extinguidas as débedas e, de existir sobrance líquido, destinará o mesmo a fins sociais sen ánimo de lucro.

CAPÍTULO VII

DOTACIÓNS ORZAMENTARIAS

Art. 50.- As dotacións orzamentarias que permitan o funcionamento da AVPC virán fundamentalmente dos orzamentos municipais así como de convenios subscritos con outras administracións, de subvencións



Concello de Campo Lameiro

públicas, legados ou herdanza que se recibiran de forma legal e calquera outro recurso lícito.

Tamén poderán recibirse axudas mediante convenios establecidos con entidades colaboradores de Protección Civil, podendo ter esas entidades colaboradoras a consideración de agrupacións, asociacións, empresas públicas ou privadas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto neste Regulamento aplicarase o vixente Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupación de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, a Lei 5/2007 do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014, do 18 de setembro, e supletoriamente a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, a Lei 17/2015, de 9 de xullo, a lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, a Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. Pola alcaldía, ou concellería delegada de protección civil, ditaranse as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Regulamento, en todo o relacionado cos plans e programas de protección civil municipal.

2ª. Estes Estatutos entrarán en vigor despois da súa aprobación definitiva e da preceptiva exposición pública a través da publicación do texto íntegro onde proceda, e permanecerá en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Campo Lameiro 30 de maio de 2018.

OS MEMBROS DA XUNTA XESTORA

7.- PROPOSTA INCLUSIÓN CONCELLO CAMPO LAMEIRO NA REDE DE TRANSPORTE METROPOLITANO.

A iniciativa da alcaldía presentase borrador do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Galicia, redactado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Manifesta que existe conformidade de case todos os concellos afectados (12), excepción do Concello de Pontevedra.

Se informa do contido de obrigas e dereitos que suporá a súa sinatura, tanto no relativo ao Concello, como aos/ás usuarios/as do servizo.

Á vista do contido do mesmo, a dos beneficios que implicaría a súa sinatura para a poboación, o Pleno do Concello, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Dar conformidade á sinatura do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Galicia, presentado a modo de borrador, na forma na que se presenta.



Concello de Campo Lameiro

SEGUNDO.- Trasladar a conformidade deste Concello á sinatura do convenio, á Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

8.- PROPOSTA ADQUISICIÓN TERREOS PARA AMPLIACIÓN PARCELA DO FUTURO CENTRO DE ESTANCIA DE CAMPO LAMEIRO.

Polo Sr. Alcalde se presenta modelo de escrito remitido aos propietarios/as das parcelas colindantes coa parcela onde se ubicará o futuro Centro de Estancia de Campo Lameiro, coas referencias que seguen:

Parcela referencia catastral 36007A023000470000DK de 719 m2, titular D^a G.F.B.

E parcela referencia catastral 36007A023000480001FT de 657 m2, titular D. D.V.N.

O obxectivo é, seguindo co acordado polo Pleno deste Concello, adquirir as referidas parcelas para dotar de mais parcela á parcela onde se ubicará o Centro de Estancia, permitindo o acceso para vehículos e persoas.

O valor proposto dende os Servizos técnicos é de 15 euros/metro cadrado.

Existe presentada conformidade coa compra presentada pola titular da parcela 36007A023000470000DK.

Así visto o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade á proposta de adquisición das parcelas con referencia catastral 36007A023000470000DK de 719 m2, titular D^a G.F.B, e 36007A023000480001FT de 657 m2, titular D. D.V.N, así como aos prezos valorados polos Servizos técnicos de 15 euros metro cadrado, dando un total de 10.785,00 e 9.855,00 euros respectivamente.

SEGUNDO.- Proceder á agrupación de todas as parcelas afectadas, asíña se teña aceptado polos propietarios/as das mesmas, a venta a favor do Concello de Campo Lameiro, integrándose no Inventario de Bens municipal.

TERCEIRO.- Formalizar a adquisición das novas parcelas en documento público, facultando ao Sr. Alcalde para a xestión dos trámites que cumpra en execución do acordado.

9.- PROPOSTA IMPLANTACIÓN PLAN MADRUGA E COMEDOR ESCOLAR NO COLEXIO PEDRO ANTONIO CERVIÑO DE CAMPO LAMEIRO, PRESENTADO POLA ANPA “SAN MIGUEL” DO COLEXIO PÚBLICO DE INFANTIL E PRIMARIA.

Dáse lectura ao escrito asinado por D^a Yolanda Fentanes Fontenla en calidade de Presidenta da Asociación de pais de alumnos “San Miguel” do Colexio Público de Infantil e Primaria “Pedro Antonio Cerviño” de Campo Lameiro, informando das continuas solicitudes de pais para conciliar a vida laboral coa asistencia dos fillos ó Colexio, razón pola que se realizou unha enquisa para determinar o grao de necesidade, e mais que nada a opinión individual de cada pai e nai.

Que do resultado de dita enquisa se deduce que mais dun 70% de pais está a favor da implantación do Plan Madruga e mais do comedor escolar. Por elo solicitan deste Concello a adopción de medidas para a implantación tanto do Plan Madruga como de un Comedor escolar.

DASE conta do informe da Comisión de asuntos do Concello de data 8 de maio de 2018, no sentido de



Concello de Campo Lameiro

que para levar adiante este servizo será preciso xustificar previamente, con carácter imprescindible:

- a) Un mínimo de 15 alumnos/as.
- b) Establecemento dos prezos a pagar polos usuarios/as.
- c) Realización dunha enquisa formal dende o Concello, na que quede constancia das familias a quen se lles remite, nº de nenos afectados, necesidades e aceptación ou non da proposta do servizo

Ante a solicitude presentada, e informe emitido o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda:

A) PLAN MADRUGA

PRIMEIRO.- Dado que o Concello carece de datos da enquisa efectuada, realizar unha nova enquisa entre os pais e nais do Colexio na que se manifeste se están interesados na implantación de ambos programas, e con detalle de número de nenos/as para os/as que se solicitaría este servizo, para basear a necesidade do mesmo.

SEGUNDO.- Unha vez identificada a necesidade, buscar formulas para a xestión deste servizo, ben a través de persoal propio do Concello, aínda que tendo que cumprirse coas limitacións legais na contratación de persoal por parte das administracións públicas. Ou ben mediante a sinatura dun convenio coa ANPA polo que dita Asociación se encargaría da xestión do servizo, aportando o Concello de Campo Lameiro financiamento para os custos de persoal.

Se estima que para o Plan Madruga sería necesario a contratación de unha persoa por período de 1 hora de luns a venres, en horario de 8:00 a 9:00 horas e que funcionaría a partires de setembro de 2018.

TERCEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a decisión da implantación do Plan Madruga a partires de setembro de 2018, tras o resultado das enquisas a efectuar, e unha vez decidido a forma de xestionar dito servizo, dando posterior cota ao Pleno dos acordos adoptados..

B) COMEDOR ESCOLAR

PRIMEIRO.- Efectuar unha enquisa entre os pais e nais do Colexio Público Pedro Antonio Cerviño de Campo Lameiro, evaluando as necesidades deste servizo e o número de nenos e nenas interesados na súa implantación.

SEGUNDO.- Comunicar os resultados da necesidade de implantación do comedor escolar á Delegación de Educación para a adopción das medidas que procedan.

TERCEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a decisión da implantación do comedor escolar no CEIP Pedro Antonio Cerviño, tras o resultado das enquisas a efectuar, e unha vez decidido a forma de xestionar dito servizo, tralo informe que se emita pola Consellería de Educación, dando conta ao Pleno de cantas xestións se leven a cabo en cumprimento do acordado.

10.- PLAN DE PORENSE.



Concello de Campo Lameiro

** PROPOSTA INCLUSIÓN OBRA MELLORA RÚA AVDA. JOSÉ ANTONIO.

** EXPEDIENTE APROBACIÓN CAMBIO DE DENOMINACIÓN DA RÚA AVDA. JOSÉ ANTONIO EN CAMPO LAMEIRO.

Polo Sr. Alcalde se informa da proposta presentada diante á Deputación de Pontevedra dentro do Plan Provincial Deporense, de humanización e mellora da rúa José Antonio, empedrando dita rúa e soterrando toda clase de tendido eléctrico e telefónico.

Ademais so se permitiría o acceso para os/as residentes e Servizos.

Tamén se manifesta que hai 30 anos que se pensou cambiar o nome de dita rúa, pretendéndose denominar Rúa da Constitución, cambia que, sen embargo, non fora acometido legalmente, xa que os/as veciños/as opuxeran oposición a dito cambio.

Os cambios legais, e a vixencia de novas normas legais, obrigan ao concello a levar a cabo formalmente o cambio de denominación deste viario.

Por todo elo proponse aos/ás concelleiros/as constituír unha comisión encargada de determinación de novos nomes ás rúas afectadas, así como a determinación de nomes de rúas que carecen de denominación. Por parte do PSG-PSOE se manifesta a súa postura a favor de poñer uns nomes de rúas en consonancia coa historia de Campo Lameiro.

Así visto, por unanimidade, se acorda:

PRIMEIRO.- Dar conformidade á proposta de mellora da rúa José Antonio presentada diante á Deputación de Pontevedra dentro do Plan Deporense.

O custo de dita actuación é de 386.964,19 euros.

SEGUNDO.- Constituír unha comisión que se encargará da proposta dos cambios de denominación da rúa José Antonio, e propondrá a denominación de viais que carecen de nome na actualidade, ou que se queira modificar. Entrarían as seguintes rúas, ademais da rúa José Antonio:

** Estrada Codeseda.

** Bernardo Sagasta

** San Miguel (cara á gasoleneira)

** rúa ubicación vivendas sociais.

** Avda. dende colexio á Chanciña.

TERCEIRO.- Facer Bando para xeral coñecemento e para que os /as veciños/as manifesten a súa opinión respecto aos cambios e nomes a propoñer.

11.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PSG-PSOE SOBRE A URXENTE MODIFICACIÓN DO MAPA DE EMERXENCIAS.

Sobre a mesa proposta formulada polo Grupo socialista no Concello, asinada polo seu voceiro, D. Adrián Vidal Fontenla, sobre a urxente modificación de mapa de emerxencias, conforme á memoria que se lee na súa integridade.

Unha vez lida, e estando conformes co plantexado os/as concelleiros/as presentes, o Pleno do Concello, por unanimidade acorda:



Concello de Campo Lameiro

PRIMEIRO.- Esixir da Consellería de Presidencia e da Presidencia da Xunta de Galicia, en atención ás competencias derivadas da Lei de Emerxencias de Galicia, a modificación inmediata do mapa de emerxencias, cando mesmo na provincia de Pontevedra, para acabar coas zoas de sombra e poner en marcha un sistema de atención baseado en isócronas de 20 minutos.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia, e a Deputación de Pontevedra a iniciar conversas inmediatas que solucionen as carencias do modelo actual, decidido en 2011 polo expresidente da Deputación, Rafael Louzán, e polo conselleiro da Presidencia, Alfonso Rueda, que deixa a numerosos concellos sen unha atención mínima nun servizo que resulta vital para a cidadanía.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación a iniciar conversas inmediatas cos concellos de Vigo e Pontevedra, especialmente con este último, diante da preocupante cobertura aos concellos afectados polas zonas de sombra, para a comarcalización dos dous parques municipais da Provincia.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación a incluír nas conversas aos concellos da provincia, a través dalgún representante ou a través da FEGAMP para que a Administración máis próxima aos cidadáns teña voz e voto durante todo o proceso.

QUINTO.- Comunicar este acordo aos Concellos de Vigo e Pontevedra, ao tempo que se lles agradece a colaboración solidaria que presta fóra dos seus termos municipais.

12.- RATIFICACIÓN PROPOSTA APROBACIÓN PLAN CONCERTADO SERVIZOS SOCIAIS CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO ANO 2018.

A) Presentado por parte da traballadora social do Concello proxecto anual de Servizos Sociais comunitarios municipais, do que se deu conta en Xunta de Goberno de data 23 de abril de 2018, incluíndo os importes estimados para gastos de persoal, gastos de SAF, e de xestión de programas.

O Pleno do Concello, por unanimidade, presta conformidade ao mesmo.

13.- EXPEDIENTE IRMANAMENTO COA ENTIDADE LOCAL “PONTE DI CAPIO” EN ITALIA.

Dáse conta do expediente tramitado diante a Unión Europea para solicitar subvención para un proxecto de irmanamento co concello italiano de Ponte di Capo dadas as características semellantes tanto en poboación como en patrimonio arqueolóxico.

De concederse a subvención por parte da Unión Europea se financiaría as viaxes e estancia de nenos/as e membros do Colexio para coñecer ambos municipios e desenrolar accións de coñecemento do rico patrimonio cultural.

Por unanimidade dáse conformidade á proposta formulada.

14.- INFORME ALCALDIA das OBRAS/SERVIZOS INCLUIDOS NO PLAN CONCELLOS DA DEPUTACIÓN P. DE PONTEVEDRA ANO 2018.

Por parte da alcaldía dáse informe da totalidade das obras solicitadas e concedidas pola Deputación dentro do Plan Concellos 2018, co seguinte resumo:

OBRAS:



Concello de Campo Lameiro

1.- DENOMINACIÓN.:

Reforzo capa rodadura do firme dos camiños de Couso, Armonda 1-2, Painceiros e Liñares por importe de 48.202,53 €.

2.- DENOMINACIÓN.:

Reforzo pavimentos, Cierres y Muros en Campo Lameiro por importe de 88.118,44 €.

3.- DENOMINACIÓN.:

Actuacións varias en vías públicas Gargallóns 1-2-3, Punto Limpo e Parque Infantil de Castriño por importe de 72.201,68 €.

4.- DENOMINACIÓN.:

Adecuación camiños Congostra A lagoa, Callejón Carballeira a farola centro, Camiño de Laxe por importe de 77.418,50 €.

CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES:

CATEGORIA:3 peóns forestais//3 peóns construción//1 albanel//1 conductor tractorista/dous monitores piscina/.

Nº TRABALLADORES:: 10

DESTINO: varios.

IMPORTE GLOBAL:83.000,00 € subvención.

15.- INFORMES ALCALDIA.

1.- VIA MARIANA

O sr. Alcalde informa da próxima reunión en A Franqueira o próximo venres para tratar da vía mariana que parte de Portugal, pasando por este Concello cara Santiago, ata Uxia.

Dende Fentáns entraría cara Praderrei, levando cara os Milagros de Amil.

Tamén informa que dado o estado que presenta o paso a través do Río dos Calvos, entre Fentáns e Praderrei habería que reparalo para poderlo poñer en uso, correspondendo aos dous concellos afectados.

Informa que a Universidade está apoiando esta iniciativa.

Queda informado e conforme o Pleno.

2.- FESTA ECOLÓXICA.

Informa o Sr. Alcalde da próxima celebración da festa ecolóxica en Campo Lameiro o domingo día 20 de maio, co detalle de actividades programadas.

Dáse conformidade por parte do Pleno do Concello.

3.-CONTA XESTIÓN RECADATORIA DO ORAL

Se informe e consta sobre a mesa a conta de xestión recaudatoria exercicio 2017, presentada polo Organismo recadados ORAL, figurando datos de contribuíntes debedores e morosos, reincidindo en moitos supostos, cada vez mais.

Lémbrese aos/ás concelleiros/as do deber de exemplaridade que se esixe polo posto que se desempeña, procurando estar ao día nas obrigas co Concello, deber que tamén se lle esixe ao conxunto da poboación para que os servizos poidan funcionar debidamente.



Concello de Campo Lameiro

Nembargantes, tamén, quérese incidir no propio ORAL para que a recadación executivo sexa levada de forma estrita e coa premura que se precisa.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS DE D^a PAZ VIDAL FONTELA.

1.- Por parte da concelleira D^a Paz Vidal Fontenla, se formulan os seguintes:

** Estados de camiños públicos municipais, que precisan arranxos para tapar os buratos que presentan:

**Lamosa.

**Paredes.

**Central Painceiros., por abaixo.

2.- Camiño de Valiño. Volve a insistir no falado noutros Plenos e que aínda hoxe non se solucionou. Faise un camiño intransitable para algún residente que presenta discapacidade, a aínda non se fixo nada. Ademais, do seu solo sae auga que empapa o camiño.

ROGOS POR PARTE DE D. ADRIÁN VIDAL FONTENLA.

Por parte do concelleiro D. Adrián Vidal Fontenla se manifesta que a creación dunha brigada de voluntarios de protección civil vai conlevar a necesidade de prestar formación aos seus membros (Curso básico de protección civil) , e a unha serie de gastos fixos, como son a adquisición dunha emisora e equipos operativos, así como o equipamento dos membros con traxes adaptados á normativa autonómica, e que o Concello deberá habilitar as partidas pertinentes.

E non habendo mais se levanta a sesión ás 14:47 horas.

ASINADO DIXITALMENTE O DORSO

A secretaria co V^o e Prace do Alcalde